



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO OFICIAL ACREDITATIVO
DO NIVEL DE LINGUA GALEGA (CELGA 1)**

Resolución pola que se publican os resultados definitivos

O 8 de outubro de 2010 realizáronse as probas para a obtención do certificado oficial acreditativo do nivel de lingua galega 1 (Celga 1), convocadas por resolución desta secretaría xeral do 22 de xaneiro de 2010, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga), niveis 1, 2, 3 e 4, no ano 2010 (DOG n.º 25 do 8 de febreiro).

O 3 de decembro de 2010 publicáronse os resultados provisionais das probas. Transcorrido o prazo outorgado para solicitar a revisión e, unha vez efectuadas pola Comisión Central de Avaliación as revisións requiridas, resolvo publicar os resultados definitivos, de acordo co previsto no artigo 12.2 da resolución antes citada.

Os resultados publícanse por orde alfabética para facilitar a localización.

As persoas que solicitaron a revisión recibirán a información sobre os criterios nos que non acadaron o nivel esixido.

Ás persoas que obtiveron a cualificación de apto/a enviaráselle a certificación correspondente.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2011.
O secretario xeral de Política Lingüística



Anxo M. Lorenzo Suárez